

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DA CORUÑA DO DÍA 9 DE ABRIL DE 2025

Lugar: Salón Dourado

Horario de comezo: 16.40 h.

Data: 9 de abril de 2025

Horario de remate: 17.30 h

ASISTENTES

- **PRESIDENTE:** Juan Ignacio Borrego Vázquez, Concelleiro de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica
- **SECRETARIA:** Blanca Igualada Sañudo, xefa do Departamento de Educación
- **CONSELLEIROS/AS:**

Representante da Administración Educativa:

- Rubén Ponte Justo (xefe do Servizo da Inspección Educativa)

Membros nomeados pola Corporación Municipal

- M^a José Lombardía Cortiña (vice-reitora de Estudiantes, Participación e Empregabilidade da UDC)
- Antonio Leonardo Pastor (presidente da Asociación Provincial de Directores de Centros Públicos da Coruña)
- M^a Felicidad Casás López (directora EIM Luis Seoane)
- Héctor Pose Porto (profesor da UDC do Departamento de Pedagogía e Didáctica)
- M^a Dolores Candedo Gunturiz (membro de Nova Escola Galega. NEG)
- M^a Luisa Varela Insua (presidenta da Federación das Asociacións Veciñais da Coruña e Área Metropolitana)

Representantes de nais/pais de alumnos/as: propostos polas Federacións de ANPAs

- Patricia Ferreiro Gómez (centros públicos) secretaria da Federación provincial de ANPAs de Centros Públicos da Coruña de FEDAPAS
- Ana Isabel Sanclaudio Luhía (centros públicos) vogal de FEDAPAS
- Jacobo Mosquera Martínez (centros públicos) vogal de FEDAPAS
- Lidia Paz Lamela (centros públicos) vogal de FEDAPAS

Representantes do profesorado de niveis educativos de ensino non universitario

- Rosa M^a Urbano Rey (ANPE, sector público)
- Celia María Armas García (CIG-Ensino, sector público)
- Carlos Seco González (CIG-Ensino, sector público)
- María Barca Gómez (GIG-Ensino, sector público)
- Carmen Ginés Mayor (CCOO-Ensino, sector público)
- Joaquín Martínez Abad (FSIE, sector privado-concertado)
- Luis Román Suárez Canedo (FSIE, sector privado-concertado)

- **INVITADOS POR PARTE DA CONCELLERÍA:**

- Carlos Santos Guerrero, director da Área de Educación
- Juan Pintos López, conselleiro técnico de Educación e Emprego



DESCULPAN A SÚA ASISTENCIA:

- Ignacio Gay Irago (presidente da Federación Autonómica de Centros de Ensino Privado. CECE-Galicia)
- Diego Taboada Lesta (director do IES Agra do Orzán)
- José Rubén Barrán Ferreiro (CCOO- Ensino, sector público)

ORDE DO DÍA:

- 1.- Aprobación da acta de 25.01.2024, da última xuntanza do Consello
- 2.- Exposición do novo contrato de mantemento dos CEIPs do Concello.
- 3.- Programación educativa para o curso 2024/2025 e avance da programación para curso 2025/2026.
- 4.- Rogos e preguntas.

Antes de entrar nos asuntos da orde do día, o concelleiro de Educación da conta ao Consello Escolar Municipal dos últimos cambios na organización municipal e indica que o Servizo de Educación deixa de estar incluído na Área de Xestión de Benestar Social.

Indica que desde a última reunión do Consello Escolar se iniciou a licitación do contrato de mantemento dos centros educativos e tivo lugar a renovación de varios membros do Consello Escolar Municipal

1.- Aprobación da acta da última xuntanza.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior de data 25.01.2024

2.- Novo contrato de mantemento dos CEIPs do concello.

Carlos Santos Guerrero, director de Área de Educación expón que no prazo máximo de dous meses estará adxudicado e funcionando o contrato que se licitou de maneira independente dun contrato xeral de mantemento.

Destaca do dito contrato o incremento do seu orzamento de 400.000 a 700.000 euros e a substitución do actual modelo de custo fixo / variable polo modelo de prestación ao servizo realizado. Finalmente, indica que se exclúe o mantemento de ascensores dos centros xa que se van engadir nun contrato xeral de ascensores dos edificios municipais.

3. Programación educativa para o curso 2024-2025 e avances educativos.

O concelleiro destaca como novidade neste apartado de programas para os centros o impulso á oferta de programas musicais, indicando que no CEE Nuestra Señora do Rosario se iniciou un programa de Musicoterapia, que se presentará como exemplo na Asemblea Municipal da Rede de Cidades Educadoras.

A continuación expón aos membros do consello as liñas xerais do programa “Vaia Banda” no que, coa colaboración da Banda de Música conta coa participación conxunta do alumnado de varios centros educativos (aprox. 5.000 participantes)

Así mesmo, anuncia que se está a traballar nun novo programa similar a Vaia Banda pero no que colaborará a Orquestra Sinfónica de Galicia, estando previsto que se celebre un concerto en xaneiro pola celebración do Día da Paz.

Finalmente avanza o desenvolvemento doutro novo programa “Do mar á clase e da clase ao mar” que terá como obxectivo dar a coñecer ao alumnado o medio mariño galego, a súa riqueza e diversidade e a



súa importancia e que estará en probas estes próximos meses abril e maio e consistirá en actividades preparatorias nas aulas para despois facer saídas as praias, co obxectivo de identificar os rastros que as mares deixan na contorna marítima.

4.- Rogos e preguntas.

- Rosa Mª Urbano Rey, representante do ANPE, pregunta se se limita a idade ou se poderá ofertar a adolescentes, aos xoves en xeral, considerando que é positivo que se promova ademais a música como un valor relacional entre as persoas.
- Antonio León Pastor pregunta acerca do custo dos programas, indicando que o Orquesta Sinfónica de Galicia cobrou 3 euros nos concertos didácticos.
- Héctor Pose Porto, acerca dos programas musicais, expón experiencias doutros países onde a práctica destas actividades musicais, ademais de estimular nos participantes o gusto pola música, conseguiron un maior apego na cidadanía en xeral polas bandas e orquestras.

Do mesmo xeito, propón a realización de actuacións educativas municipais que poñan en valor aos mercados municipais, sen limitarse a meras visitas, senón cun contido que lles transmita aos participantes unha verdadeira “cultura de mercado”.

- Carmen Ginés Mayor volve aos programas de música e prantexa preguntar ao alumnado polos grupos musicais que xa existen entre os adolescentes, xa que coñece a existencia de moitos non que os rapaces novos non poden acceder a locais para realizar actuacións e indica a posibilidade de facer un pequeno circuito nos que os grupos musicais dos propios xoves podan facer actuacións.

Doutra banda, demanda que se teña na conta aos estudantes da formación profesional básica na oferta de programas educativos.

- Celia Armas García, pregunta acerca da situación do CEIP de Prácticas. Sobre esta cuestión, o concelleiro informa aos asistentes que o Concello propiciou unha reunión entre o propio Concello, a Universidade da Coruña, titular do centro, e representantes da Xunta de Galicia.

Nesta reunión o Concello achegou planos e mais documentación do edificio; na xuntanza se falou de facer unha intervención integral, preparándose un proxecto complexo para rehabilitar o edificio na súa totalidade, pero a responsabilidade do centro é do seu titular, a Universidade e da Consellería e non do Concello .

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión ás 17,30 horas e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria,

Visto e prace
O presidente do Consello
Concelleiro de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica,

Blanca Igualada Sañudo

Juan Ignacio Borrego Vázquez